

DECRETO

ASUNTO: R.A. APROBACIÓN PRÓRROGA CONTRATO DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

Vista a necesidade de efectivos que se expón no informe do Inspector Accidental de data 25/09/2017 do que resulta a solicitude de prolongación de contrato de dous auxiliares de policía local ata o límite de seis meses establecido na lexislación vixente.

Visto que os auxiliares de policía local aos que se refire o informe-solicitude foron seleccionados de acordo coas bases publicadas o 20/02/2017 no BOP de Lugo número 74, que o proceso se desenvolveu baixo os principios de igualdade mérito e capacidade, e que se tivo como resultado do mesmo: a selección de catro auxiliares de policía local segundo a acta do Tribunal de Selección de data 19/05/2017.

Visto que dos catro auxiliares resulta as persoas aspirantes de maior puntuación son:

- 1º.- Dona Andrea Pérez Macía
- 2º.- Dona Noelia Fernández Castro

En consecuencia RESOLVO:

A aprobación da prórroga dos contratos durante dous meses de Dona Andrea Pérez Macía (dende o 05/10/2017 ata o 04/12/2017) e Dona Noelia Fernández Castro (dende o 01/10/2017 ata o 30/11/2017).

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

